



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 783 Semana do 28 de maio ao 3 de xuño de 2018

UGT-GALICIA ALERTA QUE O CRECEMENTO ECONÓMICO NON SE TRASLADA AOS SALARIOS QUE PERDEN MÁIS DE 4 PUNTOS SOBRE O PIB DENDE COMEZOS DA CRISE

A REMUNERACIÓN DOS ASALARIADOS EN GALICIA EN MÍNIMOS HISTÓRICOS, REPRESENTA O 42,7%, FRONTE AO 47,3% DAS RENDAS EMPRESARIAIS

A partir do 2012 as rendas dos traballadores pasan a ocupar un segundo lugar na distribución do PIB en Galicia cando no Estado as rendas salariais seguen a ocupar o primeiro posto

Redacción.- Os datos publicados este xoves referidos á contabilidade trimestral poñen de manifesto, como dende UGT-Galicia xa se denunciou en reiteradas ocasións, que o crecemento económico non se está a trasladar aos salarios. É dicir, o conxunto das familias deste país non están a participar da recuperación.

Os salarios en Galicia seguen sen recuperar o posto que lle corresponde na economía. Abaratáronse os custos laborais, os traballadores son vítimas de incisivos recortes dos seus dereitos laborais e, aínda por riba, promoveuse un cuantioso trasvase de rendas das persoas asalariadas ás empresas. A consecuencia disto é que as empresas saíron da crise hai tempo, recuperando os niveis de beneficios anteriores ao ano 2008, pero non así as persoas traballadoras ás que aínda lles falta moito para recuperar os niveis salariais previos á crise.

Os datos están aí. Segundo as Contas trimestrais de Galicia feitas públicas este xoves polo IGE, o conxunto da poboación asalariada percibía no ano 2008 o 46,9% do PIB, mentres que o empresario percibía o 45%. É dicir, as rendas do traballo ocupaban o primeiro lugar como viña ocorrendo, polo menos, dende comezos dos anos 90 do século pasado.

Pero, segundo os datos de renda publicados do cuarto trimestre de 2017, a poboación asalariada galega pasou a percibir o 43% do PIB, fronte ao 47% que percibe o empresario.

Se se toman para a análise os datos da media do ano 2017, a situación non é que non mellore, senón que incluso empeora para os traballadores. A porcentaxe baixa ata o 42,7% para os asalariados e as rendas empresariais soben ata representar o 47,3%.

Isto supón unha caída de 4,2 puntos no reparto do PIB para os asalariados galegos dende o ano 2008. Pola contra, a situación para os beneficios empresariais si mellorou, en 2,3 puntos.

A crise o que trouxo consigo foi un claro trasvase das rendas do traballo cara os beneficios empresariais que a recuperación económica non está a corrixir, todo o contrario.

De feito, o volume de remuneracións de persoas asalariadas está en mínimos históricos, o contrario do que lles acontece aos excedentes de explotación/rendas mixtas.

Pero é esta a tendencia no conxunto do Estado?. Pois non. Aínda que si é certo que no conxunto do Estado tamén existe unha perda do peso da remuneración de asalariados sobre o total das rendas dende o 2008 ao 2017 (do 50,1% ao 47,3%), seguen a manterse no primeiro lugar as rendas salariais. Pero en Galicia, cunha tendencia máis negativa e contraria, dende o 2012 as rendas dos traballadores cederon o posto ás rendas empresariais, arrebatándolle así a primacía ostentada, polo menos, dende comezos dos anos 90 do século pasado.

O que sería razoable é que a crise afectase a ambas partes, salarios e beneficios empresariais, dun xeito paralelo pero non foi así. Se se compara o montante total destinado ás persoas traballadoras nos anos 2008 e 2017 prodúcese unha diminución do 4,6%. Se a análise se fai do montante total destinado aos excedentes, estes aumentan un 10,1%. O trasvase da remuneración de asalariados, que perden 1.254



millóns de euros, aos excedentes de explotación bruto/renda mixta bruta, que gaña 2.653 millóns e de euros, é claro.

Por ramas de actividade, ao comparar 2008 e o 2007, as máis prexudicadas, onde se produce unha maior perda das rendas, son a industria, construción e actividades financeiras e de seguros. As persoas asalariadas destas tres ramas, que partían dunha remuneración de 9.453 millóns de euros, sofren unha perda de xeito agregado de 2.611 millóns de euros, en termos relativos o descenso é dun 27,6%.

Neste contexto, tamén hai que subliñar e denunciar que aínda faltan por recuperar 193.202 postos de traballo a tempo completo, se se compara o primeiro trimestre de 2008 co primeiro trimestre de 2018, destes 155.552 corresponden a poboación asalariada.

A tan "publicitada" por algúns recuperación económica está a ter efectos ben distintos sobre o crecemento do PIB ou sobre o crecemento do emprego a tempo completo. Isto implica que o crecemento económico trasladase en maior medida a beneficios empresariais que á mellora do emprego. Para UGT-Galicia, resulta inxusto que nas fases recesivas os axustes fixéronse a costa do emprego e salarios e agora que chega unha fase expansiva son os beneficios empresariais os máis beneficiados. A debilidade do emprego segue a ser indiscutible en Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

GALICIA É A SEGUNDA COMUNIDADE QUE REXISTRA MÁIS ACCIDENTES LABORAIS GRAVES, QUE SE INCREMENTAN NUN 33%

No primeiro trimestre do ano só a provincia de A Coruña rexistra máis accidentes graves que comunidades como Euskadi, Aragón ou Castela-A Mancha

Redacción.- Unha análise dos datos de sinistralidade laboral en Galicia amosa un panorama preocupante ante o cal urxe tomar medidas porque a sinistralidade non pode converterse nunha característica inherente ao mercado laboral desta comunidade.

Para UGT-Galicia, resulta evidente que os anos de crise -que levaron a unha forte precarización do mercado laboral galego-, xunto coa imposición dunha Reforma laboral -que só trouxo precariedade e situou ao traballador na parte máis débil da balanza en relación ao empresario, incluso lle restou moitos dos instrumentos de loita que tiña ata o momento-, están detrás desta realidade.

Unha realidade que fai que UGT-Galicia se vexa na obriga de alertar sobre uns datos moi negativos. No primeiro trimestre de 2018 un total de 6.649 persoas foron vítimas dun accidente laboral nesta comunidade, isto supuxo un incremento dun 3,53% en relación aos datos rexistrados hai un ano neste mesmo período. Deste total, 8 accidentes foron mortais, 117 graves e 6.524 tiveron a consideración de leves.

Neste contexto, o Sindicato fai fincapé no forte incremento dos sinistros graves, que pasaron de 88 no primeiro trimestre de 2017 aos 117 deste ano. Isto supón un aumento dun 33%. Unha cifra moi preocupante que sitúa a Galicia como a segunda comunidade do Estado no relativo aos accidentes graves, só superada por Andalucía, e moi afastada de comunidades como Cantabria, con sete; o País Vasco, con 36; Aragón, con 19; Asturias, con 18; ou La Rioja, con sete.

Por exemplo, resulta moi significativo que só a provincia de A Coruña, con 45 sinistros graves nun só trimestre, rexistre máis accidentes que comunidades autónomas como Euskadi, Aragón ou Castela A Mancha.

Unha análise por provincias indica que a sinistralidade medrou en todas, na Coruña, nun 2,62%; en Lugo, nun 4,57%; en Ourense, nun 6,95%; e en Pontevedra, nun 3,33%. Pero destaca o que sucedeu en Lugo onde, ademais de rexistrarse un forte incremento da sinistralidade en termos xerais, no caso da mortal pásase de non ter accidentes no primeiro trimestre de 2017 aos catro deste ano.

Por actividades económicas, destaca a industria manufacturera con 1.951 accidentes; seguida do comercio, venda e reparación de vehículos a motor, con 923 sinistros; a construción, con 815 accidentes; e as actividades sanitarias e de servizos sociais, que acumulan



un total de 565 accidentes con baixa laboral no primeiro trimestre de 2018.

O Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo do Ministerio de Emprego e Seguridade Social tamén ofrece unha análise interanual igual de desoladora para o mercado laboral galego no eido da sinistralidade.

De feito, a evolución da sinistralidade no período abril 2017-marzo 2018 indica que Galicia é a terceira comunidade do Estado en números absolutos en canto a accidentes graves (459) e a cuarta no relativo aos mortais (43).

POR CADA 100.000 TRABALLADORES EN ACTIVO, GALICIA É A SEGUNDA COMUNIDADE QUE REXISTRA MÁIS ACCIDENTES GRAVES E MORTAIS

Facendo unha análise comparativa mediante o estudo do índice de incidencia (número de accidentes de traballo por cada 100.000 traballadores coas contingencias profesionais cubertas), que permite relacionar o número de accidentes co número de traballadores afiliados, obsérvase que Galicia é a segunda comunidade do Estado con maior índice de incidencia de accidentes graves (56,7) -duplicando a media estatal-, só superada por Extremadura (61,9) e tamén a segunda con maior índice de incidencia de accidentes mortais (5,3), só superada por Cantabria (7,4).

Ademais, hai que denunciar que Galicia, xunto con Extremadura e a Comunidade Valenciana, son as únicas que no devandito período ven medrar o seu índice de incidencia total, respecto ao período anterior. De feito, no período abril 2017-marzo 2018, en relación a abril 2016-marzo 2018, no conxunto do Estado o índice de incidencia redúcese un 3,2%, mentres que en Galicia incrementábase nun 2,7%.

UGT-GALICIA DENUNCIAN FALTA DE VONTADE POR PARTE DAS ADMINISTRACIÓNS E DOS EMPRESARIOS

UGT-Galicia xa leva tempo advertindo da gran lacra que supón para o mercado laboral galego os índices que presenta de sinistralidade. Unha barreira que, ano tras ano, parece non poder salvarse. Pero dende o Sindicato insiste en que si é unha barreira salvable e, cando menos, a curto prazo mellorable. Hai lexislación, hai medidas e medios que se poden implementar, o que falta é vontade por parte dos empresarios e das Administracións para poñerlle fin xa a esta lacra.

O mercado laboral precarizouse significativamente, as condicións de traballo empeoraron ata o punto de poñer en serio risco a seguridade e a saúde das traballadoras e traballadores do noso país. Por iso, desde UGT-Galicia esiximos que se derroge a reforma laboral que deteriorou as condicións de traballo e debilitou a negociación colectiva e insta ó Goberno a que inclúa a seguridade e saúde dos traballadores como unha prioridade nas súas políticas e estableza investimentos eficaces nos campos que verdadeiramente axuden á redución da sinistralidade laboral.

Pero o Goberno, lonxe de establecer a seguridade e a saúde das persoas traballadoras como unha prioridade nas súas políticas, obviando cifras tan alarmantes e lonxe de loitar contra esta secuela social, que é a sinistralidade laboral, continúa considerando un gasto os recursos destinados á prevención en lugar dun investimento. Chama a atención que o maior incremento orzamentario prodúcese no gasto destinado ás mutuas, en particular á redución das cotizacións por contingencias profesionais das empresas, a través do coñecido como "bonus". Esta partida incrementábase un 32%, pasando de 67,5 millóns de euros en 2017 e 2016 a 89 millóns de euros en 2018.

Esta cantidade é o triplo do destinado nos anos 2015 e 2014, nos que a partida orzamentaria contaba con 30 millóns de euros. Este enorme incremento orzamentario que se produciu nos últimos anos, e que debería ir destinado a incentivar a redución da sinistralidade nas empresas, está a servir para financiar ás empresas e as mutuas principalmente, mentres se está reducindo a participación activa dos traballadores no proceso de obtención do bonus e diminúense os requisitos para a súa concesión. Para o sindicato, poderíase utilizar de forma máis efectiva este diñeiro investindo realmente en políticas preventivas.

Para UGT-Galicia, a prevención de riscos laborais e a seguridade e saúde no traballo son aspectos de extrema importancia na sociedade e unha mala xestión trae da man consecuencias moi graves, ás veces irreparables, para os afectados, as súas familias e a sociedade en xeral.

Neste contexto, UGT-Galicia reafirmase na idea de que para mellorar a prevención de riscos e reducir os danos á saúde producidos polo traballo é necesario acabar coas desigualdades e para lograr este obxectivo proponse: Derrogar as normas que impediron que todos os colectivos teñan o mesmo grao de protección da súa saúde,

en particular as reformas laborais que estenderon a precariedade, instalando o medo a perder o emprego, individualizando as relacións laborais, dificultando o exercicio efectivo de dereitos e profundando na desigualdade.

Reverter a reforma do marco xurídico das Mutuas que supuxo un recorte nos dereitos de traballadoras e traballadores e que só serviu para que estas invadisen competencias dos servizos públicos, privatizando a xestión de actividades que deberían ser exclusivas da Seguridade Social.

Intensificar as políticas activas en materia de prevención dotando cos suficientes medios económicos e humanos aos organismos técnicos como o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene en Traballo.

Reforzar os mecanismos de control do cumprimento da lexislación en materia de igualdade nas empresas e de loita contra a fraude laboral e a economía mergullada.

Desenvolvemento da Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2016-2020 e da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2015-2020, facendo especial fincapé en todas as cuestións relacionadas

coas enfermidades de orixe laboral.

No marco da empresa, a incorporación da perspectiva de xénero na actividade preventiva. Ao mesmo tempo, é preciso que se recuperen os investimentos en prevención e a centralidade da negociación colectiva nas relacións laborais. A negociación colectiva está estreitamente ligada á presenza de sindicatos nos centros de traballo, o que constitúe a mellor garantía para o exercicio de dereitos e para a protección da saúde.

O establecemento da figura do delegado de prevención territorial ou sectorial, xa que no conxunto do Estado existen máis dun millón de empresas con menos de 6 traballadores, das cales máis de 62.000 atópanse en Galicia, nas que traballan dous millóns de persoas que non teñen dereito a elixir un delegado de persoal. O obxectivo sería asegurar o exercicio ao dereito á saúde e á seguridade e os niveis de protección a estes traballadores nos mesmos termos que no resto das empresas. Incrementar a vixilancia e control das actuacións en materia de prevención de riscos laborais por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

A recuperación dos investimentos públicos en materia de prevención de riscos laborais.

FE SP DEMANDA Á XUNTA VONTADE NEGOCIADORA NA REUNIÓN DA MESA SECTORIAL DE EDUCACIÓN PARA A HOMOLOGACIÓN SALARIAL

Redacción.- Este martes tivo lugar unha nova reunión da Mesa sectorial de educación para a homologación salarial e de novo, un fracaso. A Xunta segue ancorada nunhas cifras e nuns prazos, inaceptables para FeSP-UGT e o resto das organizacións sindicais.

Hoxe, día 1, haberá unha nova reunión para a que UGT urxe á Administración "revisar a súa proposta e propor algún movemento máis aceptable que deixe de manifesto a súa vontade negociadora".

Na reunión do martes FeSP propuxo un cambio na súa proposta á Administración coa intención de conseguir unha apertura de diálogo na Mesa: unha suba salarial de 125 euros repartidos en dous anos, co aboamento do 50% no mes de xullo de 2018 e o outro 50% durante o 2019.

Pola súa banda, a Xunta modificou a súa proposta inicial e ofreceu un incremento de 15 euros sobre a súa proposta, un total de 65 euros repartidos en 20 euros con efectividade en xaneiro de 2019, 20 euros efectivos en xaneiro de 2020 e un último aboamento de 25 euros en xaneiro de 2021. Para FeSP, esta proposta resulta insuficiente e, polo tanto, inaceptable, tanto



pola contía como polos prazos de excusión.

A posición de FeSP-UGT é clara e manifesta, vontade negociadora pero non a calquera prezo.

O Sindicato demanda unha imperiosa necesidade de revisión do calendario de aplicación para poder chegar a algún tipo de acordo e, en canto á contía, propóñense 125 euros, cantidade a percibir en dous anos. O 50% cun primeiro aboamento en xullo de 2018 e o outro 50% no ano 2019. Mantendo a premisa dunha suba mensual liñal para todo o profesorado galego, coa

necesidade de que o acordo contemple unha cláusula de revisión (finais de 2019).

Para FeSP, resulta inaceptable establecer como data de finalización da aplicación do acordo o ano 2021 e esixe unha aplicación inmediata que axude a restituír a precariedade que o profesorado ven sufrindo desde hai dez anos e manifestamos o noso máis absoluto rexeitamento á proposta da Administración de 65 euros mensuais que seguiría deixando ao profesorado galego á cola en relación ao resto das comunidades autónomas, concretamente, no noveno posto.

UN ACORDO QUE AFECTARÁ A 147.000 TRABALLADORES EN GALICIA, DOS QUE PRETO DE 94.500 DEPENDEN DA NEGOCIACIÓN NA MESA XERAL

FeSP-UGT INSTA Á XUNTA A QUE CONVOQUE XA A MESA XERAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS PARA APLICAR O ACORDO ESTATAL QUE RESTITÚE OS DEREITOS, EMPREGO E SALARIOS DESTES TRABALLADORES

Xa non hai excusas. Os Presupostos Xerais do Estado xa están aprobados, que era a excusa da Xunta para non abrir a negociación

Redacción.- A Federación galega de Empregados e Empregadas dos Servizos Públicos (FeSP-UGT-Galicia) celebrou este martes en Santiago unha asemblea de delegados e cadros procedentes de toda Galicia dos distintos eidos da función pública que ten como obxectivo explicar o II Acordo asinado o 9 de marzo co Goberno para a mellora do emprego público e das condicións de traballo. Ademais, a finalidade desta asemblea é que os representantes dos traballadores tamén expliquen cada un como se está implementando o devandito Acordo no seu eido de negociación ou se, pola contra, aínda non houbo movementos de negociación para poñer en práctica as melloras recollidas.

Antes da celebración da asemblea, os secretarios xerais da Federación a nivel estatal, Julio Lacuerda, e a secretaria xeral en Galicia, Irene Martínez, mantiveron un encontro cos medios de comunicación no que instaron á Xunta de Galicia a que convoque xa a Mesa xeral de empregados públicos co fin de aplicar os puntos recollidos no Acordo estatal xa no ámbito galego, concretamente, nas súas competencias. O resultado disto afectará a unhas 94.500 empregadas e empregados públicos (Universidade, Administración autonómica, sanidade e educación). Pero é que o resto dos empregados públicos, dependentes doutras administracións e entidades públicas, tamén se verán afectados polos termos do acordo que deberán ser implementados a través da negociación en cada un dos seus ámbitos.

Ata o momento, a pesar das numerosas demandas que o Sindicato ten realizado para abrir xa a negociación coa Xunta co fin de facer efectivas as medidas do Acordo, sempre se obtivo unha negativa por resposta coa excusa de estar á espera da aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado. Requisito que xa está cumprido, polo que xa non hai excusas para seguir dilatando o proceso. Porque o único que se consegue con isto é prexudicar a miles de empregadas e empregados públicos que non ven restituídos os dereitos perdidos durante a crise.

De non convocarse a Mesa xeral de xeito inmediato, UGT tería que levar a situación de Galicia á Comisión de seguimento estatal

Como apuntou Irene Martínez, o contrario, é dicir, non convocar xa a Mesa, obrigaría



a UGT a levar a situación de Galicia á Comisión de seguimento constituída a nivel estatal. E sería unha das primeiras comunidades autónomas en estar nesta situación.

Melloras que implementa a o Acordo

Tanto Lacuerda como Martínez fixeron fincapé en que este II Acordo, asinado o 9 de marzo de 2018, vai supoñer a restitución de emprego estable e de salarios e dereitos para todos os empregados e empregadas públicas.

Trátase dun Acordo plurianual que garante unha suba do 6,1% fixo ata o 2020 e do 6,9% para distintos colectivos a través de fondos adicionais. O incremento salarial alcanzaría o 8,79% se se cumpren as previsión de crecemento económico.

No 2018 os empregados públicos percibirían un 1,95%, no seguinte ano poderían chegar ao 2,75% e no seguinte a suba podería situarse no 3,85%. Ao final do acordo terían unha suba máxima do 8,79%, o que permitiría recuperar case cinco puntos e medio do poder de compra perdidos durante os anos de crise. Hai que lembrar que os salarios dos empregados públicos están aos niveis de 2007.

Ademais, o Acordo permitirá en cada ámbito de negociación concreto fixar calendarios laborais que maticen e flexibilicen as 37,30 horas. E posibilita, mediante negociación colectiva, que os empregados públicos poidan acumular un 5% da súa xornada anual, con carácter recuperable, para tarefas de conciliación. Tamén será posible unha xornada continua especial se se teñen a cargo menores ou discapacitados. Mediante a negociación, poderase volver a restituír o 100% das retribución en caso de IT.

O Acordo tamén devolve a capacidade de negociación e xestión ás administracións autonómicas e locais. O proceso de estabilización, cunha redución dun 90% a temporalidade, universalízase ao estenderse a todos os colectivos e sectores das administracións públicas, así como ao sector público (axencias, organismos autónomos...).

Así, as taxas de reposición, se se cumpren os obxectivos de déficit, a regra de gasto e a débeda pública, poderán afectar a todos os servizos sexan ou non prioritarios, incluso poderase aprobar unha taxa adicional do 8%.

Para aquelas administracións que non cumpran, a taxa de reposición será do 100% nos sectores prioritarios e do 75% no resto. Adicionalmente, poderán fixar unha taxa do 5% se o necesitan.

Para os corpos de policía autonómica e local o Acordo fixa unha taxa do 115% de reposición. Isto debería permitir a creación de emprego neto e, polo tanto, facilitar a implementación do Real Decreto sobre xubilación anticipada da policía local.

Non só están en xogo as condicións laborais de miles de empregadas e empregados públicos, senón a prestación duns servizos públicos de calidade

Por todo isto, a Xunta non pode dilatar máis a convocatoria da Mesa xeral. Urxe que as empregadas e empregados públicos en Galicia tamén recuperen dereitos, se lles garante emprego estable e unha mellora dos salarios. Porque non só están en xogo as condicións laborais de miles de traballadores en Galicia, senón a prestación duns servizos públicos de calidade para toda a cidadanía.

FEPMC DENUNCIA QUE A FÁBRICA DE ARMAS DE A CORUÑA ATÓPASE SEN SERVIZO DE SEGURIDADE

Redacción.- FePMC-UGT ven de presentar sendas denuncias anta a Subdelegación do Goberno, a Intervención de Armas da Garda Civil, a Unidade de Seguridade Privada da Policía Nacional, a Delegación de Defensa e a Inspección de Traballo e Seguridade Social pola situación na que se atopa o servizo de seguridade privada da Fábrica de Armas de A Coruña e as actuacións de Hércules de Armamento, actual concesionaria das instalacións e Tepol Seguridad, empresa que debería prestar o servizo da seguridade privada nas instalacións de Pedralonga.

Os feitos remóntanse ao pasado día 10 de maio, cando a empresa concesionaria do servizo de seguridade ordeou aos vixiantes que abandoaran o servizo, segundo a empresa, polos impagos de Hércules de Armamento.

Hai que lembrar que as instalacións da fábrica coruñesa son consideradas de "ca-

rácter crítico", xa que nelas hai maquinaria coa que se poderían fabricar armas. Sobre todo, isto hai que telo en conta no estado actual de alerta 4.

Ademais, denunciábase o deterioro das condicións das instalacións, xa que en días pasados tamén careceron de electricidade e auga.

O Sindicato sospeita que a vixiancia e o control de accesos está sendo efectuado por persoal non habilitado pertencente a Hércules de Armamento.

A día de hoxe aos vixiantes se lles deben as nóminas de marzo e abril, así como, diferentes atrasos en concepto de comple-



mentos variables, tales como nocturnidade, horas extraordinarias...

Por todo isto, FePMC solicita a intervención inmediata do Ministerio de Defensa, xa que este segue a ser o propietario das instalacións, así como, das diferentes autoridades co fin de preservar que se cumpra coa legalidade nunhas instalacións que son do Estado.

O GROVE ACOLLE O VII ENCONTRO DE XUBILADOS DE UGT-GALICIA

Redacción.- O pasado sábado, día 26, tivo lugar en O Grove o VII Encontro de xubilados de UGT-Galicia no que preto de 500 xubilados e pensionistas, procedentes de toda Galicia, compartiron unha xornada festiva e de confraternidade na que tamén se puxeron en común as inquedanzas que sacuden a este colectivo, un dos máis prexudicados polas inxustas decisións adoptadas de xeito unilateral polo Goberno do PP.

Neste encontro interviñeron o secretario xeral da UXP-UGT-Galicia, Valentín Tato; a secretaria xeral de UXP-Pontevedra-Arousa-Deza, Marisa Domínguez; o secretario xeral de UGT-Pontevedra-Arousa-Deza, José Ramón Vidal; o secretario de Política Social da UJP, Dimas del Mazo; e, para pechar o acto, tomou a palabra o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez.

Quen felicitou aos xubilados e pensionistas polo traballo realizado nestes últimos meses coas mobilizacións que se levaron a cabo, tanto en Galicia como no conxunto do país. Mobiliza-



cións que obrigaron ao Goberno do PP a adoptar unha serie de cambios en materia de pensións que, para UGT, non son suficientes, polo que a loita continuará.

Algo no que coincidiron todos os intervinentes neste encontro foi en que a derogación da reforma de 2013 e eliminar o factor de sustentabilidade son dous obxectivos ineludibles para o Sindicato.

Os pensionistas deste país, como o resto dos traballadores, foron os gran-

des pagáns dunha crise que eles non xeraron e xa chegou a hora de que nun contexto de recuperación económica se repartan os beneficios e se empecen a acometer melloras para estes colectivos, o que pasa por peñerlle fin a unha serie de reformas lesivas.

UGT insiste en que resulta difícil falar de pensións suficientes e dignas cunha pensión media en Galicia que non supera os 788 euros ao mes (918 euros no resto do Estado). Pero é que o 64% das pensións non chega ao SMI en Galicia (50% no resto do Estado).